

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS  
DE ALUMNOS/AS DE EDUCACIÓN INFANTIL E  
PRIMARIA "NOVO ARTEIXO" DO C.E.I.P.  
ARTEIXO DE ARTEIXO.**

**CAPÍTULO I**  
**DISPOSICIÓN XERAIS**

**Artigo 1º** Constitúese en ARTEIXO unha asociación sen ánimo de lucro ao amparo da Lei Orgánica 1/2002 do 22 de Marzo, reguladora do dereito de asociación, e polas demais leis existentes en materia de asociacións e educación que lle sexan aplicables.

A asociación ten a seguinte denominación:

**"ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE  
EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA NOVO  
ARTEIXO DO C.E.I.P. ARTEIXO"**

**Artigo 2º**

O ámbito de Asociación é local e o seu enderezo atopase no local social que ten habilitado o C.E.I.P. Arteixo para a citada Asociación, que asemesmo este atopase na Avda. de Arsenio Iglesias nº 33 B C.P. 15142 de Arteixo.

Para o desenvolvemento das actividades que lle sexan propias, a Asociación usará as instalacións do centro, para o cal o/a Director/a facilitará a integración de ditas actividades na vida escolar, tendo en conta o desenvolvemento normal da mesma.

Aos efectos do uso dos locais do Centro o que fai referencia o apartado anterior precisarase comunicación previa entre a Xunta Directiva e a Dirección do Centro.

**Artigo 3º**

A asociación, en función dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial do concello de Arteixo, sen prexuízo de poder participar ou levar a cabo actividades acordos cos seus fins fora deste ámbito xeográfico.

**Artigo 4º**

A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asamblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco de Constitución e do resto do ordenamento xurídico.





## CAPITULO II: FINS E ACTIVIDADES

Artigo 5º A Asociación constitúese cos fins seguintes:

- a) Asistir a pais, nais ou titores/as en todo aquilo que atinxa a educación dos seus fillos/as ou pupilos/as.
- b) Colaborar nas actividades do centro.
- c) Promover a participación dos pais e nais dos alumnos/as na xestión do centro.
- d) Asistir aos pais e nais dos alumnos/as no exercizo do seu dereito de intervir na xestión do centro.
- e) Facilitar a representación dos pais e nais dos alumnos/as no Consello Escolar do centro.
- f) Estimular a participación dos pais e nais de alumnos/as na programación xeral do ensino a través do órgano colexiado correspondente.
- g) Fomentar as relacións de cooperación con outros centros escolares e sectores culturais e sociais do entorno.
- h) Promover o pleno desenvolvemento do principio de gratuidade no ámbito do centro e asemade a efectiva igualdade de dereitos de todos os alumnos/as sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, de raza ou de sexo.
- i) Requerir aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativas á educación solicitando a atención e a axuda que ésta merece.
- j) Promover actividades formativas, deportivas, culturais e de estudo.
- k) Promover reunións de pais e nais con mestres/as e as boas relacións entre ambos.
- l) Colaborar co centro dentro do que sexa posible axudando a resolver dificultades de todo orden.
- m) Todas aquelas actividades, non recollidas nestes Estatutos que atinxan ao eido educativo e que sexan conformes á Lei e.
- n) Cando as actividades vaian dirixidas ó alumnado poderán participar nelas todos/as os/as alumnos/as.

Artigo 6º. Para o mellor cumprimento dos fins esta Asociación intégrase na Federación Provincial de Anpas de A Coruña, en conxuntamente con outras na Confederación de Anpas de Centros Públicos de ámbito autonómico e na Confederación de Anpas do Estado.





### CAPITULO III: ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN

**Artigo 7º.** A Asociación estará representada e administrada por unha Xunta Directiva formada por :

- Presidente/a: un (1)
- Vicepresidente/a: un (1)
- Secretario/a: un (1)
- Administrador/a – Tesoureiro/a: un (1)
- Vocais: mínimo un (1) e máximo cinco (5)

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuitos. Estes serán designados e revogados en Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de dous anos. Calquera dos citados cargos podera facer renuncia a eles de forma voluntaria sendo comunicada por escrito a Xunta Directiva, tamen poden ser cesados por incumplimento das obrigas encomendadas ou por expiración do mandato. Unha mesma Xunta Directiva, total ou parcialmente pode repetir os mandatos co beneplácito da Asemblea, sempre e cando non perdan os seus membros a condición de socios por algunha das causas especificadas no artigo 29.

**Artigo 8º.** Os membros da Xunta Directiva que esgotasen o prazo para o que foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos até o momento en que se produza a aceptación dos que lles van a substituír.

**Artigo 9º.** A elección de membros da Xunta Directiva pola correspondente Asemblea, será polo procedemento de listas abertas.

**Artigo 10º.** A Xunta Directiva, na primeira reunión ordinaria posterior a Asemblea onde foran designados, elixirá de entre os seus membros os cargos correspondentes.

**Artigo 11º.** As vacantes que se puidesen producir por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, ou por incumprimento das obrigacións inherentes ao cargo, poderán cubrirse provisionalmente por membros que designen a Xunta Directiva ata que se celebre a primeira reunión da Asemblea Xeral.

**Artigo 12º.** A Xunta Directiva reunirse alomenos unha (1) vez ao mes do curso escolar e ademais sempre que sexa convocada polo seu Presidente. Tamén deberá reunirse, a petición dun terzo da totalidade dos seus compoñentes. Quedará válidamente constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e, para que os seus acordos sexan válidos, deberán ser aprobados pola maioría dos votos correspondentes aos presentes. En caso





de empate, o voto do presidente será de calidade para deixar sen efecto o empate.

**Artigo 13º.** As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requira segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva;

- a) Dirixir as actividades da Asociación e levar a xestión económica e administrativa, acordando realizar os oportunos actos e contratos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances, contas e programa anual de actividades.
- d) Resolver sobre a admisión de socios se fose necesario.
- e) Nomear delegados ou colaboradores externos á asociación (aínda que estes xa non teñan fillos no centro) para algunha determinada actividade da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea, que responda aos fins da Asociación e sexa conforme á Lei.


**Artigo 14º.** O/A Presidente/a terá as seguintes atribucións: Representar legalmente á Asociación ante toda clase de Organismos Públicos ou privados; convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e doutra; ordenar pagos e asinar xunto co Administrador- Tesoureiro os libramentos, cheques, etc.; recibir en nome da Asociación calquera cantidade proveniente de subvencións de Entidades Públicas e/ou privadas; autorizar coa súa firma os documentos, actos e correspondencia da Asociación; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva; asumirá tamén, en todo caso, todas as facultades que a Lei establece.

**Artigo 15º.** O/A Vicepresidente/a será o encargado/a de substituír a/ao Presidente/a en ausencia deste/a, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que este. A presidencia poderá delegar na vicepresidencia as súas competencias para a atención ou xestión de asuntos determinados ou un conxunto dos mesmos, previa conformidade da Xunta Directiva.

**Artigo 16º.** O/A Secretario/a terá ao seu cargo a dirección dos traballos meramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da Asociación legalmente establecidos e o ficheiro de asociados e custodiará a







documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles nos correspondentes rexistros, así como a presentación das contas anuais e do programa de actividades e o cumprimento das obrigacións documentais, nos termos que legalmente correspondan; ademais velará pola conservación dos locais sociais e gardará o selo da Asociación.

**Artigo 17º.** O/A Administrador/a – Tesoureiro/a estará encargado/a de recadar e conservar os fondos e bens da Asociación. Levará o libro de caixa e asinará os libramentos de fondos xunto co/ca Presidente/a; elaborará o proxecto de orzamento que a Xunta Directiva debe presentar ante a Asemblea Xeral e preparará as contas que deban someterse á devandita Asemblea.

**Artigo 18º.** Os Vocais terán as obrigacións propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva e poderán recibir por acordo desta o encargo de presidir ou coordinar grupos de traballo así como a execución de encargos, comisións, representacións e outras tarefas que pola Xunta Directiva lle foran encomendadas.

**Artigo 19º.** As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os devanditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.



#### CAPÍTULO IV. DA ASEMBLEA XERAL

**Artigo 20º.** A Asemblea Xeral é o órgano supremo e soberano da Asociación e estará integrada por todos os socios non separados legalmente da súa condición por algunha das causas contempladas no artigo 29.

**Artigo 21º.** As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase obrigatoriamente unha vez ao ano, no último mes do período lectivo do curso escolar correspondente, e nela proporase a aprobación das contas e orzamentos e o programa xeral da actuación social. Tamén nela procederase á elección de membros da Xunta Directiva cando corresponda por imperativo estatutario; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xulzo do Presidente, cando a Xunta Directiva así o acorde ou cando o pida ou solicite formalmente por escrito un terzo dos asociados.

**Artigo 22º.** As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da



reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea, en primeira convocatoria, haberán de mediar alomenos 15 días, podendo así mesmo facerse constar a data e hora en que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre un e outra poida mediar un prazo inferior a media hora. A publicación da convocatoria farase no taboleiro de anuncios, no local social da Anpa ou na páxina web do colexio ou da Anpa, sen perxuízo de que poida ser comunicada aos socios de calquera outra maneira a maiores.

**Artigo 23º.** As Asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán válidamente constituídas en primeira convocatoria cando concorren a ela a maioría simple dos/as asociados/as e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados/as presentes.

Os acordos tomaranse por maioría simple dos/as socios/as presentes ou representados/as, cando os votos afirmativos superen aos negativos non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

**Artigo 24º.** Será necesario o voto favorable dos dous terzos (2/3) dos/as asociados/as presentes na Asemblea para adoptar as seguintes decisións:

- a) Nomeamento das Xuntas Directivas.
- b) Disposición e Alleamento de Bens.
- c) Solicitude de Declaración de utilidade Pública da Asociación.
- d) Integración en Federacións.
- e) Modificación Estatutaria.
- f) Disolución da Asociación.

## **CAPÍTULO V. DOS SOCIOS**

**Artigo 26º.** Poderán ser membros da Asociación os/as pais e nais ou titores maiores de idade, dos alumnos/as que cursen estudos no C.E.I.P. Arteixo.

**Artigo 27º.** Serán dereitos dos/as asociados/as:

- a) Elixir e ser elixible para todas as funcións representativas da Asociación.
- b) Ter voz e voto nas reunións da Asociación.
- c) Tomar parte en todas as actividades da Asociación e utilizar os servizos que poidan establecerse en beneficio dos/as socios/as.
- d) Dirixir peticións e propor iniciativas aos Órganos de Goberno da Asociación.





- e) Solicitar e recibir da Xunta Directiva tanta información precisen sobre a xestión asociativa.
- f) Asistir a todas as reunións e actos convocados pola Xunta Directiva.
- g) Colaborar activamente no cumprimento dos fins da Asociación e na execución e eficacia dos mesmos.

**Artigo 28º.** Serán deberes dos socios:

- a) Observar e cumprir os estatutos da Asociación e os acordos da Asemblea.
- b) Contribuír economicamente ao sostemento da asociación aboando as cotas anuais acordadas, aportando no seu caso as cotas extraordinarias requeridas, ou de calquera forma e modo que se estableza na Asemblea Xeral.
- c) Participar e colaborar na medida das súas posibilidades nas actividades ornaizadas pola Asociación.
- d) Manter en todo o que respecta ás relacións cos órganos de representación, e na participación en Asembleas e actos, o debido respecto cara os demais asociados e o cumprimento das mínimas normas de educación.
- e) Cumprir as normas de réximen interno que sexan aprobadas pola Xunta Directiva ou en Asemblea Xeral.

**Artigo 29º.** Causarase baixa na Asociación:

- a) Por petición do/a interesado/a.
- b) Por baixa dos/as fillos/as matriculados/as no Centro.
- c) Por non aboar a cota de socio no prazo estipulado antes do inicio de cada curso, ou no indicado pola Xunta Directiva cando a incorporación se produza no percorrer do curso escolar.
- d) Por contraer débedas por servizos prestados pola Asociación, segundo a normativa específica do dito servizo.
- e) Por incumprimento dos Estatutos, especificamente no tocante ao artigo 28.
- f) Por utilización da Asociación con fins alleos aos específicos da mesma.

Para excluír a calquera socio/a polas causas do apartado d), e) e f) do anterior artigo, deberá abrirse un expediente pola Xunta Directiva no que se sinalarán detalladamente os feitos que orixinan a expulsión. Así mesmo deberá darselle audiencia ao/a expedientado/a que poderá presentar un prego de descargo alegando o que considere conveniente na seu defensa e que unirá ao expediente que estudará a Xunta Directiva e propondrá a decisión que considere oportuna. Se optase pola expulsión presentaraa na próxima Asemblea Xeral que despois de ouvir á Xunta Directiva e ao/a socio/a se o solicitara, tomará unha decisión que será inapelable.





*[Handwritten signature]*

**Artigo 30º.** Os recursos económicos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas dos socios periódicas ou extraordinarias que serán determinadas pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.
- b) As subvencións, legados, herdanzas ou doazóns que puidese recibir de forma legal e que sexan aceptados tanto se proveñen de persoas físicas como xurídicas.
- c) Calquera outro recurso de procedencia lícita que sexa admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.
- d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.

*[Handwritten signature: Saucedo Pardo]*

*[Handwritten signature]*

**Artigo 31º.** A Asociación carece de patrimonio fundacional. O patrimonio social que se vaia constituindo estará composto por todos os bens que se adquiran para a realización dos fins sociais. A súa administración corresponde á Xunta Directiva.

**Artigo 32º.** O exercicio asociativo e económico coincidirá co inicio e finalización do curso escolar que fixe a Administración Educativa para cada ano académico, e anualmente elaboraranse as contas, que se formalizaran nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 7 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

**CAPITULO VI:**  
**DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

**Artigo 33º.** O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, coma o procedemento disciplinario aplicable o desenvolvemento das actividades que leve a cabo a Asociación, éste será redactado pola Xunta Directiva e aprobado por esta e pola Asemblea Xeral, e non pode en ningún caso ir en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

**CAPITULO VII: DISOLUCIÓN**

**Artigo 34º.** Esta Asociación disolverase voluntariamente cando así o acorden a Asemblea Xeral convocada ao efecto e por acordo dunha maioría de dous terzos (2/3) dos asociados.

**Artigo 35º.** En caso de disolución nomearase unha comisión liquidadora a cal, unha vez extinguidas as débedas e se existise sobranse líquido destinarase a aquelas entidades sen fin de lucro





dedicadas á realización de fins educativos cun espírito similar ao que anima esta asociación e que se sinalará na Asemblea Xeral na que se acorde a liquidación.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non este previsto nos presentes estatutos aplicarase a vixente lei orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, así como a lei orgánica Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e demais disposicións específicas de aplicación provenientes da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Dereito Estatal Supletorio en ausencia do autonómico segundo dispón a Constitución Española.

Estes Estatutos quedan modificados nos Artigos 5º b e 5º d con respecto aos anteriores por acordo de unanimidade en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada para tal fin o día 10 de Febreiro de 2011 con un quorum de asistencia de 107 asistentes e representados/as. Dita votación atópase recollida na Acta de data sinalada, así como os textos orixinais e os modificados.

Para que conste os efectos oportunos, expido esta dilixencia para certificar que estes Estatutos deixan sen efecto os anteriores.

En Arteixo, a sete de Marzo de 2011.

A SECRETARIA

Vº Bº  
O PRESIDENTE



Dña. Josefa García García



D. Juan José Varela Esmoris



### INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN ASOCIACIÓN Nº 14.565-1º

Inscrita a la modificación por resolución do ...17...  
de ..... marzo ..... de 20 11.....  
soamente para os efectos de publicidade de  
conformidade co artigo 29 da Constitución e artigo  
16 da L.O. 1/2002

CIA responsable do rexistro

